

## Carta aos lectores

**Q**ue as cousas están cambiando en América Latina semella unha obviedade. O acceso de Luiz Inácio da Silva, Lula, á Presidencia do Brasil espertou moitas expectativas e tamén comeza a manifestar algunhas decepcións. O reclamo principal de Lula foi o cambio social, a necesidade de dar voz e protección aos sempre esquecidos. Falar da política social e do lulismo podería significar case o mesmo e cabe pensar que o fracaso dunha levará ao fracaso da outra. É por iso que analizar a evolución deste eido da acción pública seméllanos esencial, facéndoo da man de voces moi autorizadas (Frei Betto, Carmen Rial e e Milton Rondó Filho, André Sabóia Martins e José Gilberto Scandiucci Filho, João Pedro Stedile). O éxito das reformas no Brasil é un asunto da maior importancia non soamente polo seu impacto na rexión, senón mesmo para vislumbrar a posibilidade dese outro mundo posible que tantas expectativas e esperanzas ten mobilizado nos últimos anos, con Brasil como referencia global.

O outro eixe temático deste número consiste nun achegamento á cooperación portuguesa. Certamente, a pesar da veciñanza é un asunto ben descoñecido entre nós e un eido practicamente ausente das relacións bilaterais, moi estendidas noutros planos. Somos da idea de que nesta materia existe un campo de actuación a compartir moi importante. A África de expresión portuguesa pode ser unha área preferente de actuación da cooperación galega e nese camiño, un estreitamento dos vínculos coa cooperación portuguesa pode salientar aínda máis a vantaxe comparativa que Galicia ostenta no conxunto da cooperación española. Incluímos aquí diferentes perspectivas: a académica (João Cravinho), a das ONGDs (Pedro Krupenski), a dos actores locais (Arnaldo Ribeiro). O aspecto local é especialmente acaído pois por esta vía, mais doada que a cooperación central portuguesa, é posíbel establecer un marco, fluído e rico, de actuación bilateral. O CIDAC apórtanos unha visión da educación para o desenvolvemento.

A actualidade lévanos desta vez a EEUU (Alfonso Armada analiza a victoria de Bush) e a China (Jaume Ginè afonda na emerxencia do xigante asiático), que acompañamos de dúas reflexións temáticas de interese. En primeiro lugar, un traballo de Óscar Curros e Nuno Leite sobre un tema de gran calado, a propaganda de guerra, asunto clave para entender o alargado respaldo social do belicismo nalgunhas sociedades e que incide en algo esencial: a da información semella ser a auténtica nai de todas as batallas; e, en segundo lugar, afondando na nosa teima diaspórica, formulamos unha aproximación á diáspora lituana, da man de Jurate Rosales, fenómeno ao que Galicia debe achegarse con espírito creativo para atopar fórmulas que permitan rendabilizar en maior medida o capital relacional que supón dispoñer de tanta emigración en tantos países, e no seu seo de tantos galegos influentes que, organizados e conectados co país, poden ser cabal expresión do poder galego no mundo, un poder que está aí fóra, á nosa beira e na nosa espera.

*En suma, propostas todas coas que agardamos seguir conservando e ampliando o noso número de lectores que poderán atopar na nosa web ([www.igadi.org](http://www.igadi.org)) numerosas e diversas achegas sobre a Constitución europea que será sometida a referendo en febreiro de 2005, complementarias doutras reflexións publicadas na nosa revista a respecto do proceso de construción política de Europa en case todos os números anteriores.*

*Por último, expresar a nosa satisfacción pola recente publicación do Libro Branco da Acción Exterior de Galicia.*

*O director.*